

A MULLER NA CREAÇÃO CULTURAL



Concello de
Vilagarcía
de Arousa



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



ádega
cine
clube

ÁREA DE IGUALDADE - CIM

Concello de
Vilagarcía
de Arousa

“... Aos homes, na música, permíteselles ir de tema en tema, ciencia ficción, historia, ser friquis da música podendo perderse en esculpir sons, pero non ás mulleres.

LUNS 21

17,00 – 20,00h [IES Castro Alobre]

► Obradoiro de banda deseñada

A cargo de **Xulia Pisón**, autora dos fanzines “McCactus” e “Legado”, e de publicacións colectivas como “Licor Café”, “Altar Mutante”, “Diletantes” e “Saxifono”. Ilustradora das revistas Luzes e Yodona. Recentemente editou o cómic de divulgación científica e aventuras “Microalgas” e “Mundo Oculto” coa Universidade da Coruña.

MARTES 22

17,00 – 20,00h [Aula Cemit. Centro de Formación de Matosinhos]

► Obradoiro de creación e análise de personaxes en videoxogos

A cargo de **Luz Castro**, docente de Comunicación Audiovisual, Creación dixital, Animación e Videoxogos na UDC. Cofundadora de imaxinsoftware e da asociación videoxogo.gal. I Premio Ada Byron do CPEIG (2012).

MÉRCORES 23

21,00h [Salón García]

► Proxección de cine “Varda por Agnes”

“Agnès Varda é a Nouvelle Vague. Unha artista total, ninguneada durante décadas á sombra dos tótems masculinos. “Varda por Agnès” é un exame á súa carreira, analizada para cuestionala ou afianzala segundo os seus criterios de hoxe, para observar o que o paso do tempo fixo co que un día filmou. “O cine como compromiso, como análise da vida”.

Miguel Ángel Palomo. FilmAffinity. 2019.



De nós espérase que abramos o noso peito e falemos dos homes e os nenos das nosas vidas e se non o facemos estamos a fallarlle ao noso público...”.

Bjork (extracto da carta enviada pola cantante aos medios de comunicación).

XOVES 24

17,00 - 20,00h [Liceo-Casino]

► Obradoiro fotográfico “Olladas de xénero no fotoxornalismo. O retrato”

A cargo de **Mónica Vila Ferreirós**, fotógrafa de prensa en distintos medios escritos e audiovisuais. Fotofixa en cine e TV. Docente en cursos de fotografía. Premio Galicia de fotografía deportiva en 2005 e terceiro premio na categoría de noticias do Certame de Fotoxornalismo Estação Imagem Mora 2014.

VENRES 25

19,00h [Salón de actos do Liceo Casino]

► Faladoiro: O papel das mulleres e a súa situación actual na produción creativa. Ser e estar na creación cultural.

■ **Mariana Carballal**. Profesora na ESAD de Galicia e de Comunicación Audiovisual en Pontevedra. Directora e actriz. Integrante do grupo promotor de “Tempadas da Igualdade”.

■ **Luz Castro**. Docente de Comunicación Audiovisual, Creación dixital, Animación e Videoxogos na UDC. Cofundadora de imaxinsoftware e da asociación videoxogo.gal. I Premio Ada Byron do CPEIG (2012).

■ **Andrea Barreira**. Autora de literatura infantil, xuvenil e fantástica. Xestora cultural. Forma parte do colectivo feminista de crítica literaria A Segá.

■ **Paula Cabaleiro**. Xestora cultural e comisaria do programa “Mulleres en acción: Violencia Zero” da Deputación de Pontevedra

■ **Bea Camiña**. Co-directora do festival Elas Son Artistas. Experta en comunicación e produción de eventos.

21,30h [Salón de actos do Liceo-Casino]

► Espectáculo “Nabiza girl”

Isabel Risco. Actriz, gañadora do Mestre Mateo en 2014.

18,15 e 22,30h [Rúas da cidade]

► Pasacalles de Brassica Rapa

(Primeira fanfarria galega 100% feminina)